



Delegación Provincial de
Elecciones

Sr./Sra. Alcalde/Alcaldesa do Concello
MIÑO

20 de maio de 2020

Unha vez convocadas as Eleccións ao Parlamento de Galicia 2020, para dar cumprimento o artigo 39.2 da *Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral*, que establece a consulta das listas electorais nos concellos, comunícase que:

Dado que ese Concello está adherido ao sistema IDA_Celec, pode utilizar a opción de consulta do censo vixente para este proceso ou ben descargar a aplicación CONOCE e a base de electores/as do concello, que permite ademais, tramitar as reclamacións electorais, obter un recuento de electores/as por mesa, realizar o sorteo dos/das membros das mesas, imprimindo as notificacións oficiais ou obter un ficheiro de electores/as para a súa utilización nun programa externo de sorteo de mesas.

Envíase unha relación das Mesas Electorais, para a súa exposición pública. No Boletín Oficial da Provincia do vindeiro 25 de maio tamén se publicará esta relación, incluíndo o territorio que comprende cada mesa.

O prazo de exposición pública do Censo Electoral será do **25 de maio ao 1 de xuño**, período no que calquera persoa pode presentar unha reclamación administrativa sobre os seus datos censuais. Os impresos de reclamación poden obterse directamente da aplicación CONOCE. Tamén podemos remitir o modelo por correo electrónico, se fora preciso, para que se impriman as copias necesarias.

Deberanse advertir dun modo destacado nos locais das oficinas municipais o lugar, o prazo e horario da consulta, así como darlle a máxima difusión entre a cidadanía, especialmente para aqueles grupos que poidan verse máis afectados, como os que fixeron recentemente 18 anos, informando ademais da existencia dos teléfonos de consulta: **901 101 900, 981 21 74 39, 981 21 74 26**.

A consulta deberá ser formulada pola persoa interesada, previa identificación. O documento de identificación deberá ser algún dos que, para o acto da votación, indica o artigo 85.1 da Lei Electoral: DNI, pasaporte ou permiso de conducir no que apareza a fotografía do titular.

No referido ás reclamacións electorais, teranse en conta as seguintes instrucións:

1. Non se admitirá ningunha reclamación non **asinada pola persoa reclamante**, que achegará, xunto co impreso, unha **fotocopia do documento de identificación** que presente.
2. Enviaranse **de xeito inmediato** a esta Delegación Provincial, acompañadas dun escrito no que figure a relación nominal dos/as reclamantes.

3. Todas as reclamacións deberán **ter entrada nesta oficina antes das 12:00 horas do día 2 de xuño**, tal e como establece a *Resolución de 27 de outubro de 2014 da Oficina do Censo electoral*. Por este motivo teñen que adoptarse as medidas necesarias para o cumprimento da devandita Orde (envío por transporte urxente, entrega en man...).

4. No campo de data de alta da reclamación hai que especificar o día no que o/a elector/a causou **alta no enderezo** que figura nela.

5. As reclamacións presentadas fóra do prazo de exposición pública do Censo Electoral non terán efecto neste proceso e resolveranse posteriormente. Esta circunstancia debe ser informada a todas aquelas persoas que desexen presentar unha reclamación a partir do día 2 de xuño.

6. Esta Delegación comunicará aos concellos e aos/ás propios/as reclamantes as resolucións adoptadas para as reclamacións presentadas no período de exposición de listas, tanto as recollidas nos Concellos como as formuladas directamente na propia Delegación.

No caso de que, debido as reclamacións producidas, se modifique o censo electoral dese municipio vixente para as eleccións, deberá descargarse unha nova base de electores/as actualizada, que substituirá á anterior para atender as consultas, efectuar o sorteo dos/das membros das mesas...

Posteriormente enviaranse as listas definitivas do Censo Electoral vixente ao día da votación, unha vez incorporadas as variacións producidas e coa indicación daqueles/as electores/as que teñan solicitado o voto por correo.

Despois do día da votación deberán destruírse a/as bases de electores/as descargadas.

Por outra banda, informámoslle de que, no apartado de *Documentación de Ida_Celec*, está incorporado o **impreso de Solicitud de Inclusión/Exclusión** nas copias do Censo Electoral que se entregan aos/ás representantes das candidaturas para realizar envíos postais de propaganda electoral. Estes impresos pódense descargar para poñelos a disposición dos/das electores/as que o soliciten. as peticións que se reciban ata o día 1 de xuño terán xa efecto no actual proceso electoral. Aqueles electores que xa solicitaran a súa exclusión, non teñen que reiterar a petición.


Para calquera consulta, o horario desta oficina no período de exposición pública de Censo Electoral, será:

De luns a sábado:

De 9:00 a 14:00 horas

Último día, 1 de xuño:

De 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00 a horas



El delegado provincial, P. A.
O responsable do Censo Electoral

Asdo.: Fco. Jesús Pérez Travieso

OFICINA DEL CENSO ELECTORAL
LISTA DE MESAS ELECTORALES

PAG. 1

PROVINCIA: 15 CORUÑA (A)
MUNICIPIO: 048 MIÑO

LETRAS			LOCAL ELECTORAL		DIRECCION LOCAL ELECTORAL	
DIS	SEC	SUB MESA	APELL			
01	001	A	A - L 150480008	CASA DO CONCELLO	RUA A CARREIRA NUM: 38	
01	001	B	M - Z 150480008	CASA DO CONCELLO	MIÑO (SANTA MARIA) CP: 15630	
01	002	U	A - Z 150480006	LOCAL SOCIAL DE BEMANTES	CHAO (O) NUM: 3	
01	003	A	A - L 150480002	CENTRO SOCIO CULTURAL	BEMANTES (SAN TOME) CP: 15635	
01	003	B	M - Z 150480002	CENTRO SOCIO CULTURAL	RUA RUA (A) NUM: 2	
02	001	01	A - Z 150480004	LOCAL SOCIAL DE LEIRO (ANTIGA CASA RECTORAL)	MIÑO (SANTA MARIA) CP: 15630	
02	001	02	B - Z 150480005	LOCAL SOCIAL DE CASTRO	RUA RUA (A) NUM: 2	
02	002	01	A - Z 150480001	ASOCIACION DE VECINOS XARIO	MIÑO (SANTA MARIA) CP: 15630	
02	002	02	B - Z 150480003	LOCAL SOCIAL DE VILANOVA	LEIRO S/N	
02	002	03	C - Z 150480007	CASA CLUB DO CAMPO DE GOLF	LEIRO (SAN SALVADOR) CP: 15639	
					BAÑOBRE S/N	
					CASTRO (SANTA MARIA) CP: 15639	
					XARIO NUM: 19	
					VILANOVA (SAN XOAN) CP: 15608	
					SAN XOAN S/N	
					VILANOVA (SAN XOAN) CP: 15608	
					AVDA XARIO NUM: 110	
					COSTA MIÑO GOLF CP: 15608	
						TOTAL MESAS
						TOTAL LOCALES POR NOMBRE
						TOTAL LOCALES POR NOMBRE Y DIRECCION:
						TOTAL SECCIONES
						:
						10
						8
						8
						5